

II Premios María Luz Morales

Mellor Ensaio Escrito Audiovisual Galego

Proxecto: ‘A película de autos’

Autor: Marcos Nine



Introducción

A historia que están a piques de ler é verídica. É posible que lles resulte estrafalaria ou un tanto irreal, pero estes feitos pasaron e temos probas documentais que o corroboran. Quizais o máis complexo nun caso tan extraordinario como o que están a piques de ler sexa acotar os termos nos que expoñer unha serie de feitos cuxa singularidade merece máis dunha explicación.

Permítanme que comece desde o lado persoal. Hai xa 13 anos, en decembro de 2005 atopábame traballando na que sería a miña segunda obra como director. Tras dous anos de investigación comezara xa a fase de montaxe. O meu traballo versaba sobre un dos directores máis orixinais que coñezo e que á postre se ía converter nun dos creadores que máis admiración me suscita: José Ernesto Díaz-Noriega (JEDN).



Comecei a descubrir a súa figura no ano 2004, dous anos despois da súa morte. Non lembro exactamente cal foi o primeiro filme que vin de JEDN pero sí a primeira vez que o vin a el. Era nunha longa entrevista de varias xornadas realizada polo cineasta húngaro Péter Forgács. Antes de que eu chegara a interesarme polos filmes de JEDN, xa se interesara Forgács, se ben, as razóns eran diametralmente distintas. Forgács chegou a Díaz-Noriega coa intención de retratar a vida cotiá durante a Guerra Civil Española, así o fixo no seu filme *“El perro negro: Stories from the Spanish Civil War”* (2005) no que se aproxima á guerra a partires de filmacións domésticas. Era pois, un relato de época, o autor perdía sentido ante a situación e o contido das imaxes. A miña intención por contra era coñecer ó cineasta que había detrás, o que comezara a filmar en 1935 e continuou ata ben entrados os 80.

O proceso foi moi laborioso. Conseguir a filmografía de JEDN era complicado. Os seus filmes tiñan maioritariamente unha única copia que en función da época podía estar en Súper-8, Single 8 ou 16mm no mellor dos casos. Ademáis, o filme de Forgács provocou que a primeira etapa da filmografía de Díaz-Noriega estivese a cabalo entre Amsterdam e Budapest. Con todo, a finais de 2005, entre o atopado no CGAI e na Filmoteca Española, conseguíramos dar con practicamente toda a filmografía de JEDN. Faltaba unha película.

A película que faltaba titulábase *“Al nasr altair”*, o nome árabe da constelación da Águia. Tratábase dun filme de 1969. Escoitei falar do filme polos cineastas achegados a Díaz-Noriega: Miguel Gato, Antonio Simón, Miguel Castelo, Carlos Amil e moi especialmente Juan Cuesta. Todos coñecían a película, pero non había nin rastro dela. Buscámolo sen éxito durante meses.

Un día recibimos unha lata de 16mm que viña da filmoteca española. Estaba etiquetada como *“Viaje a Bulgaria”*, intuímos que se trataba dunha filmación doméstica, ningún dos filmes de Díaz-Noriega se chamaba así. Cando o proxector se puxo en marcha, para a nosa sorpresa, sobreimpresionado en pantalla *“Al nasr altair”*. E tras el unha película brillante, orixinal e totalmente inclasificable. Nembargantes, o máis xenial, o que convertía aquel filme nun acontecemento absolutamente único, ocurría fora da pantalla.

SENTENCIA

“En la Villa de Carballo, a once de diciembre de mil novecientos setenta.”¹

Vistos por el Sr. D. José Gonzalo de la Huerga Fidalgo, Juez de Primera Instancia de Carballo y su Partido Judicial los presentes autos de juicio ordinario de menor cuantía, que en este Juzgado se siguen con el número 76 de 1.970 a instancia de D. José-Ernesto Díaz-Noriega y Ruiz, mayor de

¹ Mantemos o idioma orixinal castelán polo interese do protocolo e a oratoria propia do Réxime. Así mesmo, pese a realizar citas textuais, omitimos algúns fragmentos, nalgúns casos por resumir, e noutros pola ilexibilidade do texto nos documentos orixinais. A elección da transcripción en lugar da copia escaneada débese ó deterioro do documento orixinal.

edad, casado, Ayudante de Montes, vecino de La Coruña (...) y defendido por el Letrado Dña. María de las Mercedes Suárez Díaz, contra D. Felipe López Fernández, mayor de edad, casado, industrial, vecino de Carballo (...) representado por el Procurador D. Santiago Loureiro González y cuya dirección técnica ostentó el letrado D. José Cambón Suárez, versando el juicio sobre reclamación de cantidad (...)"

O motivo deste xuízo non é outro que a película. Aínda que como se aprecia nalgúns recortes de prensa da época, que os filmes tiveran problemas coa xustiza era algo que entraba dentro do posible.

<p>INTERVENIDOS LOS CORTOS ESTRENADOS EN LAS «III XORNADAS DO CINE EN OURENSE»</p> <p>Ante la Comisaría de Policía prestaron declaración los organizadores del Certamen</p> <p>OURENSE. — (De nuestra Delegación, por teletipo).</p> <p>Los cortos de los realizados gallegos Díaz Noriega, Enrique Rodríguez Baixeras y Eloy Lozano, que fueron estrenados y proyectados en las «III Xornadas do Cine en Ourense», celebradas en los primeros días del presente mes, han sido intervenidos. El realizador del otro corto proyectado, Miguel Gato, se presentó con él en una Comisaría de Madrid al saber que, el pasado jueves, policías de la Comisaría de La Coruña habían estado en su domicilio familiar en aquella ciudad para recoger la cinta, si bien en la comisaría madrileña, ni recogieron el corto ni prestó declaración, por no tener instrucciones al respecto.</p> <p>En la Comisaría de Policía de Ourense prestaron declaración don José Lino Vázquez Monteján y don Manuel González, presidente y directivo de la Sociedad Cultural Auriense, patrocinadora de las «Xornadas», así como el miembro de la comisión organizadora, José Paz Rodríguez.</p> <p>Las «III Xornadas do Cine en Ourense» uno de cuyos actos era la proyección de los cortos, tenían la correspondiente autorización gubernativa.</p> <p>Por otra parte, se ha sabido que el director de la Filmoteca Nacional ha solicitado de estas «Xornadas» el envío de los cortos proyectados en estas jornadas y los de anteriores para el montaje de un festival de cine independiente.</p>	<p>EL CINE GALLEGO, SECUESTRADO</p>	<p>Entre los largos proyectados figuran los siguientes: "O Cerco", de Cunha Tellas; "Brasil año 2000", de Walter Lima; "Afalecida" y "Barravento", de Giober Rocha; "O salto", de Chalonge... Los cuatro cortos gallegos proyectados fueron: "A Tola", de Miguel Gato y el grupo Grea; "Os suevos", de Díaz Noriega; "O documento", de Rodríguez Baixeras, y "Retorno de Tegen Ata" (primer corto en 35 milímetros, en color en Galicia), de Eloy Lozano.</p> <p>Terminadas las Jornadas, los cortos fueron secuestrados por funcionarios de la policía y sus autores detenidos. Uno de ellos, Miguel Gato, fue detenido en Madrid el día 10 del presente mes. Al parecer, los filmes no gustaron al gobernador civil de Ourense.</p>
<p>Películas gallegas en la comisaría</p> <p>El gobernador civil de Ourense ha ordenado a la policía requisar los cortometrajes gallegos exhibidos en las Terceras Jornadas de Cine, al día siguiente de terminado el certamen, desarrollado entre el 2 y el 8 de enero. Los directores de las películas han debido también prestar declaración en la comisaría, donde en el curso del interrogatorio se volvieron a proyectar los documentales, pasando</p>		

Máis neste caso que nos atinxe, non era o autor o que debía render contas pola súa obra, senón todo o contrario, o autor era o demandante e o demandado era un funcionario público.

Dous anos antes...

Para comprender mellor o contexto debemos retroceder un par de anos atrás ata 1928, e poñer sobre a mesa un nome: Eduardo Prado y Castro.

Nombra pilotos militares de aeroplano, con la antigüedad que a cada uno se consigna, a los oficiales del Servicio de Aviación que figuran en la siguiente relación, que da principio con el capitán de Infantería D. Antonio Llop Lamarca y termina con el teniente de Infantería **D. Eduardo Prado y Castro**, por haber terminado con aprovechamiento el curso en la Escuela de Clasificación.

Real orden de 5 de mayo de 1928. ("D. O." núm. 102.)

En 1928, o Tenente de Infantería Prado acadaba o seu título de piloto militar². 40 anos máis tarde, en 1968 Eduardo Prado y Castro era Tenente Xeneral de Aviación, e na súa biografía gardaba un dato de especial relevancia para o caso que nos ocupa: O Tenente Xeneral Prado era natural de Carballo. Contar cun Tenente Xeneral natural da túa vila era realmente importante no ano 68. Existía a crenza, non contrastada, de que Franco escollíaa ós seus Ministros entre os seus Xenerais, por tanto, o Tenente Xeneral Prado non só era un carballés con influencia política senón que ademais era un potencial Ministro do Réxime. Así o entenderon no Concello de Carballo e decidiron organizar unha multitudinaria homenaxe a Prado. Prado agradeceu a celebración e adicou unhas cariñosas verbas á xente da vila: *“Muchas gracias, que tengáis mucha suerte, que la villa prospere, que vuestros negocios y vuestras familias vayan para arriba y que Dios, en el futuro, haga de los carballese y de todos los habitantes de Bergantiños, la región feliz y la región grande y próspera que yo desde el fondo de mi alma os deseo a todos”*³



Fotogramas da homenaxe ó Tenente Xeneral Prado do filme “Al Nasr Altair”



É aquí onde entra en xogo a figura de Felipe López Fernández, Concelleiro de Carballo, quen ten a idea de filmar os actos de homenaxe a Prado coa intención de realizar un filme documental co que

² Fragmento do número 59 da Revista Aérea de 1928.

³ Fragmento do discurso pronunciado por Eduardo Prado y Castro no día da súa homenaxe en Carballo.

agasallar ó Tenente Xeneral. Da filmación encárgase o propio López Fernández mentres o tamén Concelleiro Antonio Pérez Iglesias rexistra o son nun magnetofón.

Cando rematan a filmación Iglesias e López Fernández contan cun bo material de 16 mm e audio en cintas magnetofónicas sen sincronizar, precisan a alguén que sexa capaz de coller ese material e transformalo nunha película. É entón cando o chaman a el...

Pretendemos algo más que una iniciativa comercial:

Un lazo de unión con su tierra.
Vivo, entrañable, humano.

No será, pues, un trabajo de serie, sino, como en algunas conferencias telefónicas, "de persona a persona".

Indique Vd. el tipo de film que desea, localización, personas o lugares que especialmente le interese figuren en él y datos familiares y personales.

Dirijase a

"JEDN FILMS"

Alfredo Vicenti, 39 - 1.º LA CORUÑA

O A NUESTRO REPRESENTANTE EN ESA:

FILMS GALLEGOS

de 8, Super 8 y 16 mm.

¿Le gustaría poseer una película del lugar en que nació?

Usted puede conseguir un film UNICO, realizado con cariño para su recreo.

*Recordar su lejana y querida Galicia.
El paisaje de sus montes, de sus ríos, de sus regatos pequeños...
SU parroquia, SU aldea...
SUS parientes, SUS amigos...*

Tal como son HOY

Imp. MORET - Galera, 48 - La Coruña. 1966

SENTENCIA

“Ante todo⁴ resulta obligado, digamos que la única finalidade de las imágenes tomadas en película a que se alude en el correlativo de la demanda era, como reconoce el actor⁵, la de regalar el filme al homenajeadado Excmo. Sr. Teniente General Prado, debiendo el trabajo reflejar en forma seria y fidedigna lo acontecido el 25 de Junio de 1968 en esta Villa; de ahí las desinteresadas colaboraciones de mi representado, con unos gastos no inferiores a 7.000 pesetas, y del también Concejal de este Ayuntamiento Sr. Pérez Iglesias.

⁴ Texto correspondente ó alegato da Defensa.

⁵ Cada vez que lemos “Actor” fai referencia ó demandante, neste caso José Ernesto Díaz-Noriega

En su consecuencia, al comienzo de esa llamada película, que es la que el demandante quiso hacer por su propia iniciativa, se hace figurar como productor a mi poderdante y constatar el título que reza así: “EL AYUNTAMIENTO DE CARBALLO PRESENTA” lo que viene avalado por el hecho de que el 30 de Abril de 1969 se haya proyectado en sesión privada en el domicilio del señor Alcalde y posteriormente ante el Pleno de la Corporación Municipal, sin que se hubiera exteriorizado protesta alguna posiblemente porque ese filme distaba mucho de ser el trabajo esperado de unos competentes aficionados al séptimo arte.”

Un ano antes...

Tras a homenaxe, JEDN finalizou a película. Titulouna “*Al nasr altair*”⁶, “A Águia que voa” en alusión, non carente de retranca, ó Tenente Xeneral Prado. O que aconteceu despois foi que o Tenente Xeneral Prado, non foi nomeado Ministro e tras o visionado do filme ante o Pleno da Corporación Municipal o Concelleiro, Felipe López Fernández non considerou que o contido de “*Al nasr altair*” fose o apropiado para agasallar ó Tenente Xeneral.

Sen embargo, quedaba un asunto por resolver, JEDN quería cobrar os seus honorarios e así llo fixo saber mediante carta ó, por aquel entón Alcalde de Carballo, Jacinto Amigo Lera.

A CARTA⁷

“Mi distinguido amigo:

Le adjunto nota de gastos y honorarios correspondientes a la película del Tte. General Prado. Aunque he realizado y montado numerosas películas, ésta es la que me ha proporcionado más quebraderos de cabeza, no sólomente por su duración que es casi la de una película normal, sino porque temía no responder a la confianza que Vd. por medio de Felipe había depositado en mí. Felipe me dijo “Haz lo que quieras” y eso me obligaba a poner cuanto podía de mi parte.

Lo primero que había que hacer era tratar de sincronizar la cinta, muy bien grabada por Antonio Iglesias, con las imágenes rodadas por Felipe, que no seguían el curso completo del discurso sino que eran numerosos planos sueltos en que había que averiguar por el movimiento de los labios, que es lo que decían los oradores. Busqué un sordomudo que no solucionó nada y hubo que encontrar con paciencia y casi palabra por palabra la forma de encajar la frase (...) Algo más de un mes de trabajo.

⁶ O título foi collido dun artigo de Álvaro Cunqueiro na revista Destino na que facía alusión a dita constelación chamada así polos pilotos do Califa de Bagdad.

⁷ Fragmentos da carta enviada por José Ernesto Díaz-Noriega ó Alcalde de Carballo o 11 de maio de 1969.

Lo segundo era tratar de conseguir que el Tte. General y Vds. no se aburrieran demasiado, para lo cual, había que montar y seleccionar las tomas de Felipe, muy buenas en general, y hacer un guión y filmar bastantes escenas para dar al film un ritmo aceptable. A esto han contribuído planos de dos películas mías “Un frente en calma” y “Banderas Victoriosas” rodadas , la primera en una Bandera de Falange en el frente de Extremadura y la segunda el el Desfile de la Victoria de 1939”.

Sen embargo a resposta non foi a agardada. Así se refería ó asunto o Alcalde de Carballo⁸

Respecto al problema de Don Ernesto Diaz Noriega en relación con la película a que te refieres, he de participarte que tanto el Ayuntamiento de Carballo como yo somos por completo ajenos al asunto, pues si bien quien realizó dicho filme fué el Concejal Don Felipe López Fernández, ayudado por Don Antonio Pérez Iglesias (tambien miembro de la Corporación), lo hizo por propia iniciativa y a título particular, en ningún caso a nombre o por encargo del Municipio ni Alcaldía.

E igualmente engadía...

Concretamente, yo lo único que sé de la película es que me fué exhibida hace tiempo por el Sr. López Fernández, que la tenía y sigue teniendo en su poder. Por cierto que me gustó muchísimo y, aunque carezco de conocimientos sobre la materia, me pareció una extraordinaria realización.

Por lo dicho, yo creo, y espero que tú coincidas conmigo que con quien tiene que resolver su papeleta el Sr. Díaz Noriega es con Don Felipe López, promotor y propietario de la filmación, pues él fué el que solicitó su colaboración para la sonorización y montaje, según me manifestó cuando le di a conocer el contenido de tu carta de 14 de Agosto, que no contesté por creer no era necesario, pues contaba que en virtud de la misma se pondría en contacto con el repetido Sr. Díaz Noriega.

⁸ Carta do Alcalde de Carballo a Francisco Dotras Lamberti, Diplomático, Presidente do Club de Cine Amateur da Coruña e Presidente do Colexio Profesional de Peritos industriais da Coruña.

Dito de outro modo, o Concello desentendíase das reclamacións de JEDN que adxuntamos nos seguintes 2 documentos:

Tengo al gusto de presentar a la consideración del Ayuntamiento de la villa de Carballo la siguiente cuenta, con motivo de gastos efectuados y honorarios por la confección de un guión, montaje, filmación en parte y sonorización del film denominado AL NASR ALTAIR, dedicado al Excmo. Sr. Tte. General D. Eduardo Prado y Castro, película de una hora y cinco minutos aproximadamente de duración, incluyendo la utilización de material propio filmado en la Guerra Civil y Desfile de la Victoria de 1939, títulos, efectos y canción especial.

Gastos (segun nota adjunta).....	7.406 pts.	
Honorarios del que suscribe:		
4 meses (26 de diciembre a 20 de abril		
con una jornada diaria media de 6/7 horas		
a 15000 ptas.mes.....	60.000	"
Honorarios de un Ayudante de montaje y sonido.....	5.000	"
	Total.....	72.406 "

Asciende el total de honorarios y gastos a la mencionada cantidad de setenta y dos mil cuatrocientas sesenta pesetas

La Comuña, 11 Mayo de 1969

RECIBI
no recibí

Copia do documento adxunto que José Ernesto Díaz-Noriega incluíu na carta dirixida ó Alcalde de Carballo o 11 de maio de 1969 e que corresponde á solicitude de cobro dos seus honorarios polo traballo no filme "Al nasr altair". No documento que segue a continuación inclúese un desglose dos gastos efectuados por JEDN na realización do filme e que ascendían a 7.406 pts.

**NOTA DE GASTOS EFECTUADOS CON MOTIVO DEL MONTAJE
FILMACION EN PARTE Y SONORIZACION DEL FILM "AL NASR
ALTAIR"**

9 rollos Super 8 a 320 pts (1).....	2.280 pts
1 gaita de juguete (no sirvió).....	18
Cuatro viajes a Carballo(coche propio)a 100p.	400
Sordomudo para averiguar por el mpvimiento de los labios loque decían los oradores(No sir vió)..	100
Letras doradas para estrellas y un letrero.....	75
id tipo árabe.....	100
id varios tipos y cartulina.....	166
Dos lámparas proyector.....	640
Dos id visionadora.....	240
Sedal.....	7
Conexiones.....	68
Propinas varias.....	150
Papel celo y Chinchetas.....	15
Pilas magnetofón a 7 pts.....	210
Delineante.....	500
Bobinas del 80 y 240 metros a 180 y 220 pts....	400
Tolueno para limpieza film.....	40
4 envíos por Castromil a Vigo para poner banda magnética	120
4 pilas Cámara.....	20
Conferencias a Vigo, Carballo y Madrid.....	120
Disco de campanas.....	175
Líquido de pegar películas.....	76
Colocación pista magnética(Según giro que se adjunta) 434 metros a 175pts.....	760
Caja bobina	126
Utilización y desgaste de aparatos.....	---
Total.....7.406 pts.	


(1) P.V.P 344 pñ

SENTENCIA⁹

“Para afirmar que el trabajo llevado a cabo por el demandante ha constituído un verdadero éxito, según sostiene en el escrito dirigido al Ayuntamiento de la Villa, hay que prescindir en absoluto del fin a que estaba destinado huyendo de la publicidad y la chabacanería y después pensar que, para percibir honorarios, hay que ascender de la plausible escala en que se halla situado el simple aficionado (...)”

Inciso

Para unha mellor comprensión dos feitos é preciso adicar uns breves apuntamentos á figura de José Ernesto Díaz-Noriega para aqueles que non o coñezan¹⁰. JEDN é en tódolos sentidos un pioneiro. Non só foi unha das primeiras persoas en empregar o Super-8 en España, tamén foi dos primeiros en ter unha colección propia de películas en formato substandard. JEDN era unha alguén que nun país



en crise cultural por causa da ditadura estaba en contacto co cinema que se facía nese momento e que, ademais de filmar, foi mestre e colaborador dunha gran cantidade de cineastas que comezaron a facer os seus filmes na Galicia dos anos 70 e 80.

Con independencia desto José Ernesto Díaz-Noriega era como cineasta un autor de influencias moi marcadas que son as que máis nos interesan neste caso: A obra de JEDN entronca coa tradición da trucaxe cinematográfica de Georges Méliès, pero ademais ten un marcado sentido do humor claramente influenciado por Buster Keaton pero moi especialmente por Ernst Lubitsch.

Se algo caracteriza a obra de JEDN é a crítica desde o humor e moi especialmente o humor contra o

⁹ Fragmento do alegato da Defensa.

¹⁰ Quenes queiran máis información poden visionar o documental “Pensando en Soledad” que resume os nosos 3 anos de traballo sobre a súa figura.

poder, a sátira, o sarcasmo, a ironía contra os poderosos¹¹.

Dito esto, párense a pensar por un momento, ¿que tipo de filme cren que puido saír cando se deposita en mans dun cineasta influenciado por Lubitsch, con tendencia a rirse do poder, un material composto fundamentalmente por discursos de militares e personalidades políticas do réxime franquista que se atopaban de celebración nunha pequena vila galega?

SENTENCIA¹²

“Poner en boca del Vice-Presidente de la Diputación de La Coruña, sosteniendo un vaso de wisky la manifestación “lo que mejor sienta a las mujeres es la combinación” porque, aunque esto no sea falso, resulta ahí desacertado y repulsivo.

Hacerle decir nada menos, a la dignísima esposa del homenajeado, dirigiéndose a nuestra primera autoridad local –Dios sabe de lo que en ese momento estaban parlando- “Oiga Chinto, es general que comenten las chicas en sus paliques que entre todas las boutiques la mejor es Gretchen¹³”. Porque, dejando a salvo el reconocido prestigio de este negocio, es de advertir que su dueña es la esposa del denunciante y que aquellos estaban bien ajenos a verse mezclados en un truco cinematográfico propagandístico.

En el guateque en casa del señor Alcalde, poner en boca de un pariente del homenajeado, el distinguido Letrado Don Feliciano Gómez Pedreira, lo siguiente: “El Banco de Bilbao cree en los derechos de la mujer” porque aunque es innegable que todos los juristas se han esforzado en el logro de una igualdad de derechos entre ambos sexos, ninguno ha creído que la plataforma de lanzamiento hacia esa finalidad estuviera ligada a ninguna entidad bancaria.

Hacer decir a un hermano del homenajeado, dirigiéndose al Procurador que suscribe y expone, este alarde publicitario: “Mientras mamá hace cosas ricas en su cocina Balay, su hijo se quita las ganas de comer en un frigorífico Balay; su Balay superautomática hace cinco kilos de colada”. Sin comentarios.

Un distinguido grupo de comensales, ajenos en ese momento a la televisiva popularidad propagandística de Gila, se sentirían sin duda enojados si trascendiera a los ciudadanos desconocedores de la verdad, dícese de los variados trucos cinematográficos, que se dice son dominados por el actor, esta incierta conversación: “No voy a decir que guisen con Folomatic porque les cortarían la mahonesa y las albóndigas”, hace decir al Notario y ejemplar ciudadano Yordi de Carricarte (...) y por si fuera poco, pone en labios del prestigioso letrado, señor Jimenez de

¹¹ Sobre estas liñas fotomontaxe realizada por JEDN na que se ilustra o seu tipo de humor.

¹² Alegato da defensa.

¹³ Boutique coruñesa propiedade da muller de JEDN.

Llano: “Y da un gustirrinín”. ¡Vaya por Dios!

Y no le bastó al actor con eso, ya suficiente para rechazar la película. En el grupo en el que aparece el señor Alcalde de Coristanco, le hace decir: “Nosotros pertenecemos al grupo 96, acertamos plenamente; no se quede usted fuera, entre, usted también en el grupo 96”. Si el demandante pensara en los que sufren úlcera de estómago no hubiera incrustado este anuncio. Y por último, dando cima a lo que el demandante llama éxito cinematográfico, aparece el Excmo. Sr. Gobernador Civil de Zaragoza –ante nosotros no se empequeñece su gran personalidad- diciendo a un sacerdote: “En el día de los enamorados, regale la auténtica medalla del amor, la única que lleva grabada la frase que ella espera: hoy te quiero más que ayer y mucho menos que mañana”. Bien, muy bien, sacando la marcha atrás debiera ponerse en boca del paternal clérigo.”

Inciso.

Chegados a este punto, compre facer un pequeno resumo da situación:

- **A posición de José Ernesto Díaz-Noriega (O demandante):** O concelleiro de Carballo, Felipe López Fernández (O demandado), encargou a Díaz-Noriega a realización dun documental, por tanto existe (sempre baixo o criterio do demandante), unha relación de índole laboral. Con independencia do grao de satisfacción do traballo resultante, o proceso de realización implicou unha serie de gastos levados a cabo por parte do demandante, e que considera que deben ser sufragados pola parte que encarga o traballo. Á súa vez, o demandante solicita igualmente que se lle paguen os honorarios correspondentes polo tempo empregado na realización do traballo que segundo o demandante superou os 3 meses.
- **A posición de Felipe López Fernández (O demandado):** Non existe relación laboral algunha. A película fíxose coa finalidade de agasallar ó Tenente Xeneral Prado de maneira altruísta. Tanto o propio López Fernández como o concelleiro Pérez Iglesias aportaron 7000 pesetas do seu propio patrimonio para correr cos gastos de película, cinta magnetofónica e revelado. O filme realizado por JEDN non se axusta ás pretensións do demandado que non entenden como “filme documental” o contido de “Al nasr altair”. A película realizada por JEDN non pode empregarse para homenaxear a un alto cargo do réxime xa que inclúe na súa metraxa mensaxes de contido publicitario que poden resultar ofensivas cando se poñen en boca de personalidades do momento como un Gobernador Civil, un Párroco, Alcaldes, ou o propio homenaxeado.

- **Contexto:** Pese a que estamos a falar dos últimos anos do franquismo, trátase dun xuízo dun particular contra un funcionario público no contexto dunha ditadura. A maiores, o contido da película filmada fai mofa do tipo de expresión, a pomposidade e o protocolo propio do réxime, sendo especialmente sarcástico coas chamadas “forzas vivas” da época, políticos, militares, curas e todo tipo de burócratas. Por outra banda, o Concello de Carballo decidiu manterse á marxe do caso reducíndoo a unha disputa entre particulares.

¿Que fallo podería ditar un xuíz de 1970 nesta situación?

SENTENCIA

“CONSIDERANDO que al meditar sobre (...) la actividad realizada por el demandante en relación con la confección de la película de autos, se debe tener en cuenta que en primer término fué necesaria la configuración al respecto de un sencillo guión para encuadrar dentro del desenvolvimiento de la idea central en torno a la persona del homenajeado, las diversas tomas realizadas; en segundo lugar, está el montaje de las tomas que fueron practicadas por el demandado referidas a los actos de celebrados en Carballo y las que captadas por el demandante corresponden a los episodios intercalados en aquellas, referidos retrospectivamente a momentos de guerras y desfiles y a escenas familiares y que se estiman adecuados al caso no sólo por su relación con la profesión y familia de dicho homenajeado sino como variación que se inserta en la trama, y que dosificada convenientemente le da más atractivo y amenidad a la obra, aparte de mejorarla desde el punto de vista documental; en tercer término, se halla, la labor de sonorización (...); en cuarto lugar, existe el trabajo de sincronización que requiere bastante tiempo, paciencia y cuidado y que si bien revierte escaso valor a la primera parte de la película, se extrema en la segunda a la hora de los discursos (...); en quinto término, está el valor estético que independientemente de su calidad objetiva, sólo es computable en grado pequeño a los efectos de valoración en beneficio del demandante porque dado el carácter documental de las tomas le venía ya dado por éstas, pero cabe en cambio ponderar (no ya porque pudieran ser de realización difícil, que no parecen serlo, sino por la agudeza que supone su concepción y realización) las secuencias aportadas por el demandante, el as que una adecuada combinación del motivo, el color, la luz, el movimiento y el sonido consigue un efecto simbólico, plástico, agradable y sugerente; (...) como cualidades negativas de la obra de que se trata, la existencia en la película de frases que no encierran buen gusto y también la inclusión de temas publicitarios como doblaje de conversaciones que (...) sostienen varios de los invitados al homenaje, lo cual aunque sea un padecimiento muy extendido por exigencias de la época del consumismo

resulta chabacano y desde lueego ajeno al tema de que se trata en la obra. (...)

FALLO:


Que estimando en parte y en parte desestimando la demanda deducida, debo condenar y condeno al demandado a pagar al actor la suma de cuarenta y cinco mil pesetas más los intereses legales (...) sin hacer pronunciamiento especial sobre el pago de las costas devengadas en la substanciación del litigio.”

As consecuencias do fallo.

O fallo xudicial deixou un sabor amargo. Por unha banda, está o feito excepcional do texto da sentenza xudicial que baixo as palabras do propio JEDN ben podería pasar por unha crítica de cine. O xuíz nun feito sen precedentes en Galicia (e intuímos bastante raros no conxunto do Estado) fai referencia ó proceso cinematográfico non só para xustificar os honorarios de JEDN senón para outorgarlle ó filme o que poderíamos denominar como “valor autoral”. A sentenza ven a avalar xudicialmente que o guiión e a montaxe (ó que se refire sen dúbida no seu “quinto término”) confiren un valor engadido ás imaxes, dotan de significado a obra e aportan “valor estético”. Nese sentido, estamos a falar dunha sentenza sen precedentes, xa que nunca antes en Galicia, ningún texto legal se referira nestes termos á valor da montaxe dentro dunha obra audiovisual. Desde este punto de vista a sentenza resulta moi positiva.

Por outra, Felipe López é condenado a pagarlle a JEDN os seus honorarios, pero sen embargo, o autor perde a copia do seu filme. “Al nasr altair” desaparece. Deixa de poder exhibirse publicamente. Nos seguintes anos, JEDN intentaría en varias ocasións recuperar a súa película sen éxito.

Carta presentada no rexistro do Concello na que JEDN solicita poder facerse cunha copia do seu filme.



A petición de JEDN non sería atendida. “Al nasr altair” pasaba a ser unha película perdida.

Mais as películas perdidas poden chegar a atoparse, e as homenaxes poden mudar de protagonistas. En 1985 alguén atopaba no Concello de Carballo unha lata de película de 16mm. Adiviñen vostedes cal era o seu contido...

AL NASR, ALTAIR

“Al Nasr Altair é un Berlanga na realidade” (Marino Donega). Recolle os actos de inauguración da “Gran Vía del General Prado” en Carballo no ano 69. A película foi rodada por Felipe López Fernández (finado recentemente). Con ese material e co sonido grabado nunha cassette polo Sr. Iglesias, JEDN realizou o montaxe e sincronización de sonido, introducindo algunhas esceas e diálogos que lle dan un toque persoal. Visionada con daza-seis anos de por medio é un verdadeiro documento, non só histórico sinon tamén social e político dunha época que parece estar máis perta no calendario que na realidade.

Uns meses máis tarde o filme volvíase proxectar na Primeira Semana de Cine de Carballo, ¿a que non adiviñan quen era o homenaxeado?

BERGANTINOS EL IDEAL GALLEGO. Miércoles, 11 de setiembre de 1985

CINE-CLUB CARBALLO ☆☆☆☆☆

PRIMEIRA SEMANA DE CINE

CARBALLO, 1985 13-20 SETEMBRO


HOMENAJE A

JOSE ERNESTO DIAZ NORIEGA



José Ernesto Díaz Noriega, al que se rendirá homenaje en la I «Semana de Cine» de Carballo, en plena faena de montaje de películas. En superposición, cartel anunciador del evento cinematográfico

NOMBRES PROPIOS



Homenaje a José Ernesto Díaz Noriega

La Coruña (Por Lucí Garcés). El Cine-Club Carballo, cuando aún no ha cumplido un año de edad afronta la realización de su «I Semana de Cine», que se llevará a cabo del 13 al 21 de septiembre, en la que habrá secciones dedicadas al cine de actualidad, al infantil, de juventud y a los cortometrajes, así como una dedicada al video gallego. Un programa que tiene como objetivo fundamental homenajear a José Ernesto Díaz - Noriega, uno de los pioneros del cine amateur gallego, catalán de nacimiento pero gallego de adopción, ganador de premios en certámenes internacionales.

“Al nasr altair”, a Aguiña que voa, o obreiro do audiovisual impagado, o autor ó que lle secuestran a película, as autoridades das que non se pode facer mofa, o gobernador civil con frases publicitarias na súa boca, os concelleiros que pretenden facer agasallos a un militar, o Alcalde que non sabía nada,

a sentenza xudicial e o silencio.

Ás veces cometemos o erro de pensar que facer un “documental” é como dixo neste xuízo o Procurador Santiago Loureiro: “*reflejar en forma seria y fidedigna*” o que temos diante dos ollos ignorando así que só nos atopamos ante unha representación parcial influenciada e coartada polo lugar onde poñemos o noso foco, ou o noso punto de vista.

Polo contrario, hai ocasións nas que conseguimos arredarnos tanto desa representación “seria e fidedigna”, xa sexa polo humor, pola ficción ou pola irreverencia coa que nos enfrontamos ós feitos que somos quen, desde a máis absoluta distancia de reflexar con precisión e clarividencia toda unha época. Ó igual que a Aguia.